

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE XUÑO DE 2014.

ASISTENTES:

PresidentA:

D^a. Ana Ledo Fernandez

Concelleiros:

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:15 horas do día vinte e seis de xuño de 2014 xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, D^a. Ana Ledo Fernandez.

Feron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión pola Sra. Alcaldesa, pasáanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria e extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 24/04/2014 e 22/05/2014 respectivamente, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar por unanimidade a acta da sesión ordinaria celebrada o día 24/04/2014.

SEGUNDO.- Aprobar a acta da sesión extraordinaria celebrada o día 22/05/2014 coa abstención da concelleira Isabel Otero Sesar.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROGRAMA DE ANIMADORES DEPORTIVOS MUNICIPAIS 2013

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Acción Social, Cultural e Deporte, rexistro de entrada neste concello co nº 1057 en data 10/06/2014 no que se notifica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada para os efectos de cobra da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 239, do 17 de decembro de 2012, para animador deportivo 2013 e o aboamento do segundo prazo da subvención por importe de 2.996,63 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PAGO DO 60% DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA FINANCIAR AS OBRAS DE MELLORA DO ENTORNO DO ALBERGUE DE BAIUCA.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Servizo de contratación, rexistro de entrada neste concello co nº 1046 en data 9/06/2014 no que se notifica a resolución de aprobación do pago do 60% da aportación provincial do Convenio de Colaboración suscrito con este Concello para financiar as obras de Mellora do Entorno do Albergue de Baiuca por importe de 18.000 euros e dar por xustificado o anticipo prepagable aboado con data 10 de outubro de 2013 por importe de 12.000 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN INVESTIMENTO DEPORTES ANO 2013

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada neste concello co nº 1083 en data 12/06/2014 no que se notifica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada das actuacións concedidas ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 239, do 17 de decembro de 2012, correspondente ao exercicio 2013 para dotación de equipamentos deportivos e o importe a aboar 1.978,24 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO 50% DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA ACTIVIDADES PROMOCIÓN ECONÓMICA 2014

Pola secretaria dáse conta do escrito descargado telemáticamente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1101 en data 13/06/2014 no que se notifica a resolución de aprobación do aboamento do anticipo prepagable da subvención outorgada ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 217 do 14 de novembro de 2013, correspondente ao exercicio 2014 para actividades promoción económica 2014 por importe de 549,80 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS PARA O EXERCICIO DE 2013

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada neste concello co nº 1272 en data 25/06/2014 no que se notifica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada do plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos para o exercicio 2013 e dispoñer o pagamento do segundo prazo pendente de aboar que ascende á cantidade de 15786,34 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.6.- REQUERIMENTO DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA SUBSANACIÓN DEFECTOS EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO SANEMANTO DO LUGAR DE IGREXA DE SANTIAGO

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo xefe da área de vertidos do Organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada neste concello co nº 896 en data 26/05/2014, no que se require a subsanación de defectos do expediente de solicitude de autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas procedentes do saneamento do lugar de Igrexa de Santiago, no que se debe presentar nova proposta dun novo sistema de evacuación do vertido e cronograma de instalación do sistema de depuración, indicando a data de inicio e finalización da mesma.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan que no caso de que non estivera enviada a documentación que se prepare polo servizo técnico para o seu envío.

2.7.- REQUERIMENTO DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA SUBSANACIÓN DEFECTOS EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO SANEAMENTO DO LUGAR DE PORTOSALGUEIRO-OS ÁNXELES

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo xefe da área de vertidos do Organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada neste concello co nº 897 en data 26/05/2014, no que se require a subsanación de defectos do expediente de solicitude de autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas procedentes do saneamento do lugar de Portosalgueiro-Os Ánxeles, no que se debe presentar nova proposta dun novo sistema de evacuación do vertido e cronograma de instalación do sistema de depuración, indicando a data de inicio e finalización da mesma.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan que no caso de que non estivera enviada a documentación que se prepare polo servizo técnico para o seu envío.

2.8.- RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE AGADER EN RELACION CO PROCEDEMENTO PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2013-2014.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo director xeral de Agader, rexistro de entrada neste concello co nº 1165 en data 19/06/2014, no que se notifica a resolución pola que se modifica a subvención concedida mediante a Resolución do 27 de novembro de 2013 respecto Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014 quedando establecida nos seguintes termos:

Cód	Proxecto	Titular	Orzamento	% subv.	Importe subvención
PM13-32132-0138	Mantemento camiños no Concello de Boimorto	Concello de Boimorto	44.337,24 €	100	44.337,24 €
Prazo máximo de execución	30 de Setembro do 2014 □				

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.9.- RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA AUTORIZANDO PROBA DEPORTIVA “XVIII VOLTA A PROVINCIA DA CORUÑA”

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistro de entrada neste concello co nº 1034 en data 06/06/2014, no que se notifica a resolución emitida en relación coa solicitude de autorización da proba deportiva XIII VOLTA Á PROVINCIA DA CORUÑA.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.10.- ESCRITO DA CONSELLERÍA DE FACENDA SOBRE VALORACIÓN DO INMOBLE DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL DESTE CONCELLO.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola secretaria xeral técnica e do Patrimonio, rexistro de entrada neste concello co nº 1082 en data 12/06/2014, comunicando as diferenzas entre as valoracións dos técnicos da Xunta e do técnico deste Concello do inmoble da antiga cámara agraria local.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.11.- COMUNICACIÓN DE ALTERACIÓN DE ORDE XURÍDICO DA XERENCIA REXIONAL DO CATASTRO DE GALICIA

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo xerente rexional do Catastro de Galicia, rexistro de entrada neste concello co nº 1273 en data 25/06/2014, no que comunica o acordo de inscrición a nome do Concello de Boimorto do terreo adicado a viais na rúa María Botana do núcleo urbano de Boimorto con referencia catastral 15010A020003430000KK e 15010A20003430001LL.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS

3.2.- PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL SOLICITADO A INSTANCIA D. JESÚS ÁNGEL VARELA GÓMEZ

Vista a solicitude presentada por D. Jesús Ángel Varela Gómez, con DNI núm. 53162741N e con domicilio a efectos de notificacións en R/ Asientos nº 10 do núcleo urbano de Boimorto, -nº rexistro de entrada 1078 do 12.06.2014- sobre solicitude de autorización para a realización dunha actividade non deportiva no polideportivo municipal, o día 29 de xuño, en horario de 13:00 a 16:00 horas sen alumeado, así como a dispoñibilidade de mesas e cadeiras propiedade do concello.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Jesús Ángel Varela Gómez, con DNI núm. 53162741N e con domicilio a efectos de notificacións en R/ Asientos nº 10 do núcleo urbano de Boimorto, para a realización dunha actividade non deportiva no polideportivo municipal, o día 29 de xuño, en horario de 13:00 a 16:00 horas sen alumeado, sendo o período de ocupación do pavillón de 3 horas, así como a dispoñibilidade de mesas e cadeiras, condicionando a autorización a:

1º.- A presente autorización abrangue das 13:00 horas ás 16:00 horas do día 29 de xuño do presente ano, quedando o autorizado baixo as instrucións que lle imparta o persoal do concello responsable do polideportivo municipal en materia de utilización do mesmo.

2º.- O solicitante queda responsabilizado da utilización das mesas e cadeiras que deberán ser conservadas no estado en que se atopan e entregan para o seu uso.

3º.- O autorizado, ó rematar a actividade, deberá deixar as instalacións municipais nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal, que ascende á cantidade de TRINTA E SEIS EUROS (36,00 €), ao abeiro do disposto no artigo 6º.c) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do

polideportivo municipal, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sen este requisito esa autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2.2.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA PERNOCTAR NO POLIDEPORTIVO O PRÓXIMO 10 DE XULLO O GRUPO SCOUT BUEN PASTOR DE MADRID

Pola secretaria dáse lectura ao escrito enviado por e-mail D. Alejandro Espejo Fernández, en representación do Grupo Scout Buen Pastor de Madrid, con rexistro de entrada neste Concello nº 1100 con data 13/06/2014, no que solicita permiso para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 63 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 10 de xullo de 2014.

Visto o artigo 5 do Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, publicado no BOP nº 98 en data 24/05/2013.

En aplicación do artigo 6 e) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, cota tributaria “pola pernoctación no polideportivo 3 € por usuario e noite sendo necesario o pago para obter entrada que autorice a estancia”, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Alejandro Espejo Fernández en representación do Grupo Scout Buen Pastor de Madrid, para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 63 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 10 de xullo de 2014.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal que ascende a cantidade de **CENTO OITENTA E NOVE EUROS (189,00 €)**, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sen este requisito esta autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer así como o número de conta para facer efectivo o pago.

3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 2/2014

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 1007, con data 04/06/2014, presentada por D. Benigno López Tojo, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Sixto nº 1, Brates, 15817 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda unifamiliar sita no lugar de Sixto nº 1, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5 A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Benigno López Tojo, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda unifamiliar sita no lugar de Sixto nº 1, parroquia de Brates, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 3/2014

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 1267, con data 25/06/2014, presentada por D. José Monterroso Raposo, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Iglesia nº 16C, Dorneá, 15816 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda unifamiliar sita no lugar de Iglesia nº 16C, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. José Monterroso Raposo, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda unifamiliar sita no lugar de Iglesia nº 16C, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 4/2014

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 1268, con data 25/06/2014, presentada por D. José Freire García, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Iglesia nº 16B, Dorneá, 15816 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda unifamiliar sita no lugar de Iglesia nº 16B, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. José Freire García, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda unifamiliar sita no lugar de Iglesia nº 16B, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.5.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 5/2014

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 977, con data 02/06/2014, presentada por D. Abelardo Jesús Seoane Labandeira, con domicilio a efectos de notificación en Avda de Navarra nº 5 3º D, A Coruña, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda unifamiliar sita no lugar de Santarandel, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Abelardo Jesús Seoane Labandeira, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda unifamiliar sita no lugar de Santarandel, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 9/2014) PARA CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA MAQUINARIA AGRÍCOLA E LEÑA AO CARÓN DA VIVENDA SITA NO NÚMERO 8 DA RÚA CASAL DE MUNÍN Nº 8 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL RIAL VÁZQUEZ.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Manuel Rial Vázquez, con DNI núm. 33220472P, e con domicilio para os efectos de notificacións no número 8 da rúa Casal de Munín do núcleo urbano de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co núm. 1238 de data 06/08/2012 para construción de galpón

para maquinaria agrícola e leña para o lume ao carón da vivenda sita no número 8 da rúa Casal de Munín (Boimorto) cunha superficie de 20 m² e unha altura de 2,5 m acompañando presuposto das obras e un croquis das mesmas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 08/08/2012 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

Visto informe de secretaría de data 26/06/2014 e as advertencias nel contidas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Manuel Rial Vázquez, con DNI núm. 33220472P (LO 9/2014) para construción de galpón para maquinaria agrícola e leña para o lume ao carón da vivenda sita no número 8 da rúa Casal de Munín (Boimorto) cunha superficie de 20 m² e unha altura de 2,5 m.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras a realizar consisten na construción dun galpón de madeira con cubrición de fibrocemento cor vermello e unha altura máxima de 2,5 m e de superficie máxima 20 m²
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: **1.599,00 Euros.**

Liquidación 2%: **31,98 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Manuel Rial Vázquez, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

QUINTO.- Solicitar os servizos técnicos municipais proposta sobre modificación puntual do PXOM de Boimorto para en aplicación do artigo 103 da Lei 9/2002 introducir excepcionalmente para edificacións fora de ordenación parcial o posible aumento de superficie.

4.1.2.- DESESTIMIENTO POR FALTA DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN REQUERIDA.

Visto o requerimento de documentación con rexistro de saída nº 1030 en data 25/04/2013 dirixido a Dna. María Lorenzo Otero en realción coa solicitude de licenza con nº de rexistro de entrada neste Concello 153 en data 01/02/2013, con fundamento en informe do Enxeñeiro de camiños, canles e portos asesor municipal D. Ángel Delgado Cid de data 24/04/2013.

Visto que de conformidade có disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común foi outorgado prazo de 10 días hábiles (segundo acuse de recibo contar dende o 26/04/2013) para aportación da documentación requerida sen que fose presentada segundo os datos que constan no rexistro municipal.

Advertido o interesado que de non presenta-la documentación solicitada entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Por unanimidade a Xunta de goberno local en aplicación dos artigos 71.1 e 42 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
ACORDOU:

PRIMEIRO.- Declarar concluído o procedemento de outorgamento de licenza iniciado por solicitude de licenza con nº de rexistro de entrada neste Concello nº 153 en data 01/02/2013 por entender desistido da súa solicitude a interesada ó non ter presentado a documentación requirida, arquivando o expediente.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución á interesada aos efectos oportunos.

4.2.1.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- ARQUIVO DO EXPEDIENTE DO PROCEDUREMTO CONTRATACIÓN MENOR DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO BAR DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE BOIMORTO.

Visto o expediente de contratación da explotación do servizo do bar da piscina municipal por contratación menor aprobado por Decreto da Alcaldía 161/2014 de data 04/06/2014, acordando a difusión deste expediente pola web municipal e por bandos para que se presenten ofertas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas o día 12/06/2014 sen que se presentaran ofertas como consta en certificación de secretaría que consta no expediente.

A Xunta de goberno local por unanimidade cos tres votos a favor dos tres concelleiros presentes na sesión **ACORDOU;**

PRIMEIRO.- Ante a falta de presentación de ofertas arquivar o expediente de contratación menor da explotación do servizo do bar da piscina municipal.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa colgada na páxina web do Concello.

4.2.2.- CONTRATACIÓN MENOR SUBMINISTRO DE ALUGUER E TRANSPORTE DE MÓDULOS DE ASEOS E DUCHAS PARA O RECINTO DO FESTIVAL DE LA LUZ.

Visto a necesidade de adquisición de módulos de aseos e duchas para o Festival de la Luz

Visto informe de secretaría e certificación de existencia de crédito da secretaria interventora de data 26/06/2014 que consta no expediente.

Vista a oferta presentada pola empresa Algeco Construcciones Modulares, S.A. con CIF A28871192, rexistro de entrada núm. 1244 de data 23/06/2014, para aluguer e transporte de módulos de aseos e duchas para o Festival de la Luz.

Considerando a esta empresa capacitada para contratar con esta administración e que polo importe deste contrato con prezo 13.314,75 € (sen IVE, IVE 2.796,10 €) estamos ante un contrato menor de subministro pola súa contía e vista a normativa sobre contratación menor neste caso de contrato de subministro para adquisición de bens mobles que a continuación se reproduce literalmente contida no Real Decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público:

Considerando que a persoa xurídica non está incurso en prohibición para contratar con esta administración así como ten capacidade para contratar con este Concello.
A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.-Contratar como menor a empresa Algeco Construcciones Modulares, S.A. con CIF A28871192 o subministro de aluguer e transporte de módulos de aseos e duchas para o Festival de la Luz por importe de 13.314,75 € (sen IVE, IVE 2.796,10 €) a realizar baixo as instrucións da Alcaldía-Presidencia, rexéndose esta contratación para o non especificado neste acordo polo disposto no Real decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Sendo responsabilidade do Concello o seguinte:

Instalación de seguridade contra roubos.

Estudo xeotécnico do terreo e cimentación no caso de ser necesario.

Acometida a construción modular de electricidade, fontanería e

Subministro de electricidade e auga.

Vixilancia para a realización da obra.

Proxectos e licenzas, en caso de ser necesarios.

Todos os traballos ou elementos non descritos no presente presuposto.

Sendo responsabilidade de Algeco Construcciones Modulares, S.A. o seguinte:

O prazo de entrega dos módulos será inmediatamente posterior a sinatura deste contrato

SEGUNDO.- Autorízase e comprométese o gasto de 13.314,75 € (sen IVE) na partida 330.22799 do orzamento municipal de 2014; o pago realizarase de acordo coa normativa vixente en materia das Administracións Públicas, 30 días a contar desde a aprobación da factura mediante transferencia bancaria a través da conta bancaria do Concello.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario así como solicitar factura que cumpra cos requisitos legais e acredite a realización deste subministro; indicando que para o non disposto neste acordo será de aplicación o TRLCSP RDLexislativo 3/2011 e demais normativa administrativa, e no que non contradiga a normativa administrativa ás condicións xerais adxuntas a oferta da empresa Algeco Construcciones Modulares, S.A. con CIF A28871192, rexistro de entrada núm. 1244 de data 23/06/2014.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU**:

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
2714200024-15/06/14	Interparking Hispania, S.A. Vías y Construcciones, S.A. ESU83458570	Aparcamiento levar usuarios da residencia a consulta médica durante o mes de maio 2014	23,90 €
034-0006-251572-20/06/14	Leroy Merlin España, S.L.U. / B-84818442	Soportes papel polideportivo	24,79 €
2900209333-04/06/14 □	Labaqua, S.A. / A-03637899	Control de calidade de auga do consumo humano mes de maio 2014	464,26 €
191.895-10/06/14 191.987-10/06/14	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Kit sinalización seguridade ascensor casa consistorial Kit sinalización seguridade ascensor residencia	28,47 € 28,47 €
100.126-14/06/14 □	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15.214.349	Cuchilla para cortacésped	60,50 €
AR331259-30/05/14	ABM-REXEL, S.L.U. / B-28262822	Material para reparación alumeados público	567,07 €
27-19/06/14	María Teresa López Alonso / 76624257-X	Servizo de podoloxía residencia e servizos externos mes de xuño 2014	392,00 €
01/079576-15/06/14	ABN PIPE Abastecimientos, S.A. / A-15149271	Bomba clasificador de cloro para a piscina municipal	169,40 €
53/14-25/06/14	Cerne Ingeniería, S.A. / A-15056468	Honorarios por asistencia técnico-urbanística mes de xuño de 2014	2.420,00 €
XEFA3447-23/06/14	Consensur, S.L. / B36749414	Recollida de cortantes e punzantes na residencia. Contrato menor adxudicado por acordo XGL 26/07/13	37,40 €

5.2.- LIQUIDACIÓN CONVENIO CONCELLO DE ARZÚA.-

Vista as lecturas dos contadores nº 07SE117226 = 5.360 m³ (menos 5165 m³ da lectura do trimestre anterior = **195 m³**) e nº 07SE117232 = 1.365 m³ (menos 1310 m³ da lectura do trimestre anterior = **55 m³**) TOTAL: 250 m³, realizada polo encargado de obras e servizos deste Concello, D. Luís González Guerra, en aplicación do disposto en convenio asinado con Arzúa "Convenio de cooperación entre o Concello de Arzúa e o Concello de Boimorto" en data 23 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Liquidar a cantidade a ingresar polo Concello de Arzúa a Boimorto como consecuencia do disposto no convenio 250 m³ x 0,21 euros = 52,50 € + 5,25 (IVE do 10%) = 57,75 €.

SEGUNDO.- Notifíquese ao Concello de Arzúa o presente acordo, solicitando o ingreso na conta bancaria xa comunicada do Concello de Boimorto.

5.2.- SOLICITUDE SERVIZO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 26/06/2014

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexa beneficiario do servizo de fisioterapia e podoloxía a seguinte persoa segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- LÓPEZ LÓPEZ VICTORIA - FISIOTERAPIA - PODOLOXÍA **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro municipal de maiores a Xunta de Goberno Local, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuaria do servizo de fisioterapia e podoloxía a Victoria López López.

SEGUNDO.- Notificar á beneficiaria deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xullo, agosto e setembro de 2014. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

5.4.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES LIXEIROS

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondente aos meses de maio e xuño da recollida selectiva de envases lixeiros:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Maio	20140226	Recollida selectiva	577,64	57,76	635,40

2014					
Maio 2014	20140224	Plus adicional por transporte ata planta de selección	4,07	0,41	4,48
Xuño 2014	20140228	Recollida selectiva	599,99	60,00	659,99
Xuño 2014	20140227	Plus adicional por transporte ata planta de selección	4,31	0,43	4,74

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20140226, 20140224, 20140228 e 20140227 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

5.5.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTÓN EN CONTENEDOR

Pola secretaria dáse conta da factura xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de maio e xuño da recollida monomaterial de papel-cartón:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Maio 2014	20140225	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	67,12	6,71	73,83
Xuño 2014	20140229	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	57,11	5,71	62,82

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20140225 e 20140229 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

5.6.- MODIFICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE XUÑO 2014: BAIXA USUARIA LIBRE CONCURRENCIA E ALTA USUARIO DEPENDENCIA.

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social do Concello de Boimorto e responsable do servizo de axuda a domicilio, María Esther Vidal Pandelo, de data 26/06, en relación coas modificacións producidas no referido servizo no período comprendido entre o 22/05/2014 e 26/06/2014 e que se transcribe o texto textualmente:

<<Mª Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de Colexiada 1397

INFORMO:

1.- Que con data do 30 de maio de 2014 causa baixa por falecemento a usuaria María Sandá Barreiro.

2.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar de libre concurrencia queda tal como segue unha vez contemplada esta puntuación:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCURRENCIA	Autonomía a persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialización de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
María Segade Mella R) Camiño de Cheda, Boimorto	24 puntos	15 puntos	0 puntos	3 puntos	42 puntos
Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Engracia Vázquez Vázquez Lg Vilar, Sendelle, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	31 puntos
Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Carmen Varela Bravo :g. Gárdoma, Boimil, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	24 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
Mercedes Labandeira Garcia Lg Barral, Brates, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	21 puntos
Flora Mato Lorenzo Lg Piñeiro, Sendelle, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	21 puntos
Mª Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Guillermo Otero Casal Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	5 puntos	0 puntos	4 puntos	19 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
Josefa García Lodeiro r) Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	17 puntos
Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos
Emilio Somoza Segade Lg Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	5 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	12 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	5 puntos	6 puntos	0 puntos	0 puntos	11 puntos
Mª Remedios Castro Novo Lg Lobomorto, Arceo, Boimorto	0 puntos	5 puntos	0 puntos	6 puntos	11 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	9 puntos
Teresa Agra Pampín Rúa Gándara	5 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	5 puntos

3.- Informar que a un de xuño se produciron cambios na situación socioeconómica da beneficiaria do servizo de libre axuda no fogar de libre concurrencia, Dña. Ramona García Piñeiro que xustifica documentalmente. Unha vez actualizada a súa renda per cápita correspóndelle a aboar o 41,66% sobre o prezo da hora que será aplicará na liquidación do mes de xuño.

4.- Que con data do 28 de maio de 2014 deuse de alta no servizo de axuda no fogar a través de dependencia Antonio Corral Boado, facendo efectivas, por expreso desexo da familia, só 33 horas do intervalo de 46-70 que tiña concedidas por dependencia. Ó causar alta no servizo de dependencia automaticamente causa baixa na lista de espera no servizo de libre de concurrencia que estaba de 6º.

4.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia queda do seguinte xeito, indicando ao lado de cada usuario o grao e horas concedidas e efectivamente prestadas:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES PRESTADAS	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE
Concepción Filloy Veiga Lg Arentía, Andabao ☐	Grado III, nivel 2, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Sofía García Souto Lg Bertomil, Brates, Boimorto ☐	Grado III, nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Victoria Aguión Peteiro Lg Piñeiro, Cardeiro, Boimorto ☐	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
María Felpete Costoya Boimorto ☐	Grado III nivel 1, entre 46 e 55 horas mensuais concedidas, 55 horas efectivamente prestadas
Leonardo Coto Felpete Boimorto ☐	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuel Pérez García r) Estrada de Lanza, Boimorto ☐	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto ☐	Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas
Jesús Manuel Rúa Quintela Lg Quiño, Rodieiros, Boimorto ☐	Grado III, entre 46 e 70 horas mensuais concedidas e só 30 efectivamente prestadas por petición da familia
Carmen García Sánchez Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto ☐	Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas
Carmen Costoya Brea Lg Currás, Cardeiro, Boimorto ☐	Grado II nivel 1, entre 30-40 horas mensuais concedidas, 40 horas efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto ☐	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
José M ^a Sánchez Cao Lg Canto do Balo, Arceo, Boimorto ☐	Grado II, nivel 2, 20 horas mensuais concedidas (respiro saf) e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao ☐	Grado II, 21 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Rafael Fernández Mato Lg Arosa, 35 – Arceo, Boimorto ☐	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto ☐	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Antonio Corral Boado Lg. Piñeiro núm. 8 - Cardeiro	Grao III, entre 46 a 70 horas mensuais concedidas e só 33 efectivamente prestadas por petición da familia.

7.- Tendo en conta estas variacións na última lista de espera do servizo de axuda no fogar de libre concurrencia aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 22/05/2014, a lista de espera quedaría do seguinte xeito:

- 1º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 2º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 3º.- Carmen Varela Bravo, 24 puntos.
- 4º.- Elisa María Bao Castro, 21 puntos.
- 5º.- Dolores Nouche Botana, 19 puntos.
- 6º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 7º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 8º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 9º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Darse por informados dos cambios producidos ata o día 26 do presente mes de xuño no servizo de axuda a domicilio.

SEGUNDO.- Aprobar a lista de usuarios que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concurrencia e dependentes así como a lista de espera no servizo de libre concurrencia mencionada nos considerandos deste acordo.

TERCEIRO.- Facer pública a seguinte lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concurrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

- 1º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 2º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 3º.- Carmen Varela Bravo, 24 puntos.
- 4º.- Elisa María Bao Castro, 21 puntos.
- 5º.- Dolores Nouche Botana, 19 puntos.
- 6º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 7º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 8º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 9º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

5.7.- MODIFICACIÓN LIQUIDACIÓN PRACTICADA AOS ALUMNOS DO COLEXIO SAN JOSE JESUITAK DE DURANGO NA AUTORIZACIÓN DO USO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado por e-mail por D. Iban Quesada, responsable do Grupo de Tempo Libre Arrupe Elkartea do Colexio San José Jesuitak de Durango, con rexistro de entrada neste Concello nº 1274 con data 26/06/2014, explicando a petición da redución do número de participantes na actividade do Camiño de Santiago de 40 persoas.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24 de abril de 2014 se lles autoriza o uso do polideportivo municipal para pernoctar cun grupo de 45 persoas.

Resultando que na referida sesión se lles practica unha liquidación en concepto de taxas municipais por importe de 135,00 Euros.

Considerando que a persoa interesada realiza o pago para 40 persoas por importe 120,00 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar conformidade á petición formulada por D. Iban Quesada, responsable do Grupo de Tempo Libre Arrupe Elkartea do Colexio San José Jesuitak de Durango.

SEGUNDO.- Modificar a liquidación practicada na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 24/04/2014 que pasa a ser de 120,00 Euros.

TERCEIRO.- Comunicar aos servizos contabeis e de tesourería aos efectos oportunos.

5.8.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA O I ENCONTRO DA XUVENTUDE DE BOIMORTO

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán o I Encontro da Xuventude de Boimorto redactadas en data 20/06/2014 pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA O I ENCONTRO DA XUVENTUDE DE BOIMORTO

1.- Concepto

Establecemento do prezo público para o I Encontro da Xuventude de Boimorto que terá lugar os días 18 e 19 de xullo para poder desfrutar dunhas xornadas de deporte de multiaventura (rafting, escalda, sendeirismo...). A saída terá lugar ás 10:30 horas do día 18 de xullo da Praza da Gándara, e desprazarémonos en autobús ata o Concello de Padrón (previsiblemente), ata a cunca do río Tambre para realizar as actividades de aventura e o aloxamento, sobre ás 13:00 horas do día 19 de xullo o autobús traeranos de volta para Boimorto.

O prazo de inscrición remata o 14 de xullo, e nesta actividade os participantes deberán contar con máis de 13 anos. O mínimo de participantes para que esta actividade se leve a cabo é de 10 e un máximo de 24.

2.- Obrigados o pagamento

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.- Contía

O prezo público da actividade é de 15 euros por persoa. O prezo inclúe o desprazamento en autocar, o aloxamento en albergue, comida e actividades; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 20 de xuño de 2014

A animadora sociocultural

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

Considerando que a Xunta de Goberno Local en aplicación do artigo 4 do acordo municipal sinalado pode de forma conxunta para todos os participantes motivando o acordo en razóns de interese público que serían fomento da actividade deportiva e cultural do Concello de Boimorto asumindo parcialmente os custes derivados desta actividade.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases establecemento do prezo público para o I Encontro da Xuventude de Boimorto redactadas en data 20/06/2014 pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 15 €.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.9.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE CULTURAL COMIDA NO CENTRO DE MAIORES

Vistas as bases para convocatoria e establecemento do prezo público con motivo da comida no centro social de maiores redactadas en data 23/06/2014 pola técnica de normalización lingüística e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE CULTURAL COMIDA NO CENTRO DE MAIORES

1.- Obxecto.

O obxecto destas bases é o establecemento do prezo público para a actividade de comida no centro de maiores do concello de Boimorto:

Comida para os maiores de Boimorto. Despois do éxito dos anos anteriores citamos aos/as veciños/as este ano a unha nova comida no centro social de maiores. Haberá comida, sobremesa, bebida e café para todos/as. Celebrarémolo o mércores 9 de xullo. Podedes vir e anotarnos desde xa ata o 05 de xullo no

Concello, Centro Social de Maiores ou chamando ó 981 516 020. Esperamos a vosa asistencia e xuntarnos unha vez máis no centro social. O prezo é de 15€ por persoa.

2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento os que participen nesta actividade cultural e social organizada por este Concello.

3.- Contía

A contía para participar na comida será de 15€/participante, que incluírá comida, bebida e sobremesas variadas.

4.- Bonificacións e exencións

Non están previstas bonificacións nin exencións para estas actividades.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 23 de xuño de 2014

A Técnica de Normalización Lingüística

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez>>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases establecemento do prezo público para a comida no centro de maiores redactadas en data 23/06/2014 pola normalizadora lingüística tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 15 €.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.10.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA O I XORNADA DA XUVENTUDE DE BOIMORTO

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán o I Encontro da Xuventude de Boimorto redactadas en data 20/06/2014 pola animadora sociocultural e animadora deportiva que a continuación se reproducen literalmente:

BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA O I XORNADA DA XUVENTUDE DE BOIMORTO

1.- Concepto

Establecemento do prezo público para o I Xornada da Xuventude de Boimorto que terá lugar o día 21 de agosto para poder desfrutar dunha xornadas de deporte e ocio (karting e aquapark). A saída terá lugar ás 10:00 horas do día 21 de agosto da Praza da Gándara, e desprazarémonos en autobús ata o Concello de Ordes (previsiblemente), para realizar a actividade de karting sobre as 10:30 horas e posteriormente desplazarnos ó Concello de Cerceda para asisitir ó aquapark. O autobús traeranos de volta para Boimorto ás 7 da tarde.

O prazo de inscrición remata o 18 de agosto, e nesta actividade os participantes deberán contar con máis de 12 anos. O mínimo de participantes para que esta actividade se leve a cabo é de 10 e un máximo de 24.

2.- Obrigados o pagamento

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.- Contía

O prezo público da actividade é de 10 euros por persoa. O prezo inclúe o desprazamento en autocar, o karting e a entrada ó aquapark; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 20 de xuño de 2014.

A animadora sociocultural

A animadora deportiva

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea

Mª Amalia Seoane Barreiro>>

Considerando que a Xunta de Goberno Local en aplicación do artigo 4 do acordo municipal sinalado pode de forma conxunta para todos os participantes motivando o acordo en razóns de interese público que serían fomento da actividade deportiva e cultural no Concello de Boimorto asumindo parcialmente os custes derivados desta actividade.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases establecemento do prezo público para o I Xornada da Xuventude de Boimorto redactadas en data 20/06/2014 pola animadora sociocultural e a animadora deportiva tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 10 €.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 14:20 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez